

Programa Universitario de Maiores – Campus VIGO

Guía Docente: Curso 2024-2025

Información xeral:

Nome materia	Xerografía de Galicia. Paisaxes naturais e humanas		
Código /Tipo	IV31305/ Materia Optativa		
Titulación	Universitario/a Senior en Cultura e Sociedade		
Créditos ECTS	3	Total horas presenciais	30
Lingua impartición	Galego		
Lugar impartición*	Aula 214 Edificio anexo (Escola de Enxeñeiros Industriais), andar 2º		
Curso / Semestre	Terceiro Curso/ 1º Cuadrimestre	Horario*	Luns 16:30 – 18:45 h Descanso 15 minutos
Coordinador/a	Francisco Javier Méndez Martínez		
Profesorado	Francisco Javier Méndez Martínez		
Correo-e	xmendez@uvigo.es		
Observacións	Nº prazas: 50		

*Suxeito a modificacións por diferentes necesidades.

Obxectivos xerais:

- Analizar o proceso de construción do espazo xeográfico en Galicia, identificando os diversos factores que actúan na súa configuración e as diversas realidades que conforman o seu territorio.
- Identificar os recursos territoriais básicos existentes en Galicia, as súas características e a súa localización.
- Recoñecer as paisaxes actuais de Galicia, coas súas compoñentes naturais e humanas, afondando especialmente no coñecemento das interrelacións que existen entre os diversos elementos que as integran, as causas da súa orixe e os procesos que lles deron forma.

A materia pretende facilitar ao alumando un espazo de reflexión e análise sobre a realidade territorial de Galicia, os seus recursos e as súas paisaxes naturais, culturais e sociais, baixo un enfoque eminentemente xeográfico.

Metodoloxía docente:

Lección maxistral: Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo.

Debate: Charla aberta entre un grupo de estudantes. Pode centrarse nun tema dos contidos da materia, na análise dun caso, no resultado dun proxecto, exercicio ou problema desenvolvido previamente nunha sesión maxistral.

Estudo de casos: Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.

Saída de estudo: Desenvolverase dentro da programación do curso unha saída e práctica de campo específica da materia, relacionada cos temas desenvolvidos na mesma.

Contidos:

Tema 1	Os procesos de transformación no territorio e a construción da paisaxe.
Tema 2	As características xeomorfolóxicas e hidrográficas de Galicia. O medio físico e as unidades do relevo.
Tema 3	O clima de Galicia e os seus contrastes internos.
Tema 4	Bioxeografía. A vexetación de Galicia e os ecosistemas naturais.
Tema 5	O proceso histórico de transformación do territorio en Galicia. Causas, consecuencias e fitos destacables na modificación do espazo galego.

Tema 6	Poboación, poboamento, sociedade e territorio na Galicia actual.
--------	--

Avaliación:

Asistencia e participación	O 50% da nota global corresponderase coa asistencia a clase. Será necesario a asistencia a mais dun 80 % das clases para obter o aprobado na materia.	50 %
Traballos e/ou resposta a cuestionarios	O outro 50% da nota global obterase a partir dos exercicios que presente a comezos do curso o profesor para a avaliación específica da materia, e que constará polo menos dunha proba escrita (entrega dun traballo final e/ou resposta a cuestionarios).	50 %

Outros comentarios sobre avaliación e recomendacións:

Esta guía é unha programación didáctica con carácter orientativo que pode experimentar cambios en función de eventualidades diversas que poidan xurdir na súa posta en práctica.